

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E EMPRESA

5417 *Orde ECE/417/2019, do 3 de abril, pola que se autoriza a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional a realizar operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría do Estado, e se regulan os procedementos para a súa concertación.*

O artigo 108.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, prevé a posibilidade de realizar operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría co obxecto de facilitar a xestión tesoureira.

As operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría teñen como obxectivo optimizar os recursos que constitúen a tesouraría do Estado. Por medio das operacións activas o Tesouro coloca os seus excedentes de tesouraría no mercado para rendibilizalos, e por medio das operacións pasivas o Tesouro capta recursos do mercado para asegurar que o Estado dispón en todo momento e en calquera circunstancia dos medios necesarios para cumprir os seus compromisos financeiros. Esta actividade, encamiñada a levar a cabo unha xestión eficiente da liquidez con que se conta en cada momento, é consubstancial ás institucións que manexan un volume significativo de recursos, e instruméntase a través da xestión financeira dos recursos dispoñibles dentro do ciclo de cobramentos e pagamentos en que consiste a función de xestión da tesouraría.

O artigo 108.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, ademais, prevé a posibilidade de que o actual titular do Ministerio de Economía e Empresa autorice a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional para que realice as operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría do Estado. Así mesmo, o dito precepto sinala que na autorización das operacións se concretarán as condicións en que poderán efectuarse estas, que respectarán os principios de solvencia, publicidade, concorrencia e transparencia, adecuados á operación de que se trate en cada caso.

Ata a data, a regulación das operacións de tesouraría encontrábase, anualmente, recollida na Orde pola que se dispón a creación de débeda de Estado, no artigo relativo ás autorizacións de operacións de xestión tesoureira. Polo tanto, non existía unha orde única e de vixencia indefinida para regular as operacións de tesouraría do Estado. Diferentes razóns xustifican que nestes momentos se aprobe unha orde que, de maneira especializada, regule as operacións activas e pasivas da xestión da tesouraría do Estado. En primeiro lugar, cuestións de sistematicidade aconsellan que as regras sobre a xestión da tesouraría e sobre a creación da débeda pública do Estado non se regulen nunha norma única, senón en normas diferentes, pois son dúas cuestións diversas que obedecen a principios e regras distintos. Por outro lado, existen principios e normas que ordenan a xestión activa e pasiva da tesouraría do Estado que, polas súas características, poden ter unha vixencia continuada no tempo. É apropiado que estas regras se plasmen nunha orde que regule de maneira indefinida estas operacións. Finalmente, a modificación do artigo 108.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, operada pola disposición derradeira 12.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, busca normalizar a realización das operacións pasivas de tesouraría, o cal require un desenvolvemento normativo.

Así mesmo, unha nova orde, xa centrada unicamente na xestión das operacións de activo e de pasivo de xestión da tesouraría do Estado, permite completar a tipoloxía de operacións e procedementos á disposición da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, o cal outorgará unha maior flexibilidade e eficiencia na xestión da tesouraría. En particular, a inclusión das operacións activas e pasivas de préstamos, se se realizan con garantía de peñor de valores, permitirá acceder, chegado o caso, a unhas mellores condicións retributivas, a unha redución do risco de contrapartida ou a un menor custo da

operación en beneficio do Tesouro público. Pola súa vez, a posibilidade de proceder a un procedemento negociado, adicional ao procedemento de poxa, permite, polo lado do activo, colocar de maneira rápida e áxil un excedente de tesouraría e resolver o problema dunha poxa deserta ou só parcialmente cuberta, mentres que, polo lado do pasivo, posibilita a captación de fondos con carácter de urxencia por circunstancias sobrevidas, todo iso respectando os principios de solvencia, publicidade, concorrencia e transparencia.

Tendo en conta o anterior, esta orde establece as condicións en que poden efectuarse as operacións activas e pasivas da xestión da tesouraría, e autoriza a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional para levalas a cabo a través dos seus órganos competentes.

A orde divídese en catro capítulos. No primeiro inclúense unha serie de disposicións de carácter xeral aplicables a todas as operacións, entre as cales destacan os principios de actuación a que se someterán as operacións de xestión da tesouraría e as medidas de diversificación e control de risco que se adoptarán para levar a cabo unha política de xestión de riscos adecuada. Outra cuestión relevante que se inclúe é a relativa á execución destas operacións, que pode contar coa colaboración e os medios executivos de que dispón o Banco de España, nos termos en que se conveña con esta institución, ou ser realizada utilizando os servizos dunha ou varias entidades financeiras privadas.

O segundo capítulo está dedicado ás operacións activas de tesouraría. Nel regúlase as diferentes operacións que poden levarse a cabo, tendo en conta o recollido na Lei 47/2003, do 26 de novembro. Así mesmo, determínanse os procedementos que se poden utilizar para a concertación de operacións, para os efectos de garantir os principios de solvencia, publicidade, concorrencia e transparencia anteriormente referidos, e prevese a posibilidade de que se leven a cabo mediante poxa e o procedemento negociado.

O terceiro capítulo está dedicado ás operacións pasivas de tesouraría que, coa mesma sistemática e finalidade que as indicadas para as operacións activas, regula as diferentes operacións pasivas que se poden levar a cabo e establece os procedementos que se poderán utilizar para a concertación deste tipo de operacións. Serán estes a poxa, poxa restrinxida, procedemento negociado e acordo marco.

Por último, o cuarto capítulo recolle un conxunto de disposicións de aplicación común aos procedementos para a realización das operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría.

A disposición adicional primeira refírese ás operacións activas e pasivas de préstamo con determinadas entidades de carácter público, as cales, dada a natureza do suxeito con que se concertan, se someten a un réxime xurídico diferente ao previsto de maneira ordinaria na orde ministerial.

A presente orde respecta os principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en particular, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Neste sentido, esta orde outorga unha maior seguridade xurídica, xa que, como xa se mencionou, ata a actualidade non existía unha regulación completa e de vixencia indefinida para regular as operacións de xestión da tesouraría do Estado.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da orde.*

Esta orde ten por obxecto autorizar a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional para realizar operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría do Estado, e desenvolver o réxime xurídico destas operacións previsto no artigo 108.2 da

Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, regulando os procedementos para a súa concertación.

Artigo 2. Autorización de operacións de tesouraría.

1. Co obxecto de facilitar a xestión da tesouraría do Estado, autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional para realizar as operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría previstas nesta orde.

2. Correspóndelle á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, a través dos seus órganos, adoptar as medidas e resolucións necesarias para levar a cabo as operacións activas e pasivas de tesouraría do Estado.

Artigo 3. Principios de actuación.

1. As operacións reguladas nesta orde executaranse respectando os principios de solvencia, publicidade, concorrencia e transparencia, adecuados á operación de que se trate en cada caso.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, a concertación daquelas operacións que se documenten mediante contratos ou instrumentos normalizados habituais nos mercados financeiros farase conforme as regras, técnicas, condicións e cláusulas que sexan usuais neles.

Artigo 4. Medidas de diversificación e control de risco.

1. Na definición e execución das operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría adoptaranse as medidas adecuadas de diversificación e control de risco de contraparte que se consideren necesarias de acordo coa política xeral de xestión de riscos do Tesouro, e poderanse establecer, entre outras exixencias, requisitos mínimos de solvencia, garantías e cláusulas de compensación para asegurar o cumprimento das obrigas de pagamento, de ser o caso.

2. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá exixir condicións para garantir a solvencia e liquidez dos valores que sexan obxecto das operacións que realice, entre outras, unha cualificación crediticia mínima concedida polas principais axencias de cualificación, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre as axencias de cualificación crediticia e a súa normativa de desenvolvemento, ou un saldo en circulación mínimo da referencia en mercados regulados.

Artigo 5. Colaboración co Banco de España e actuación a través doutras entidades.

A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá realizar as operacións previstas nesta orde en colaboración co Banco de España, nos termos que ambas as dúas partes conveñan, de conformidade co previsto no artigo 13 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, ou por medio dunha ou de varias entidades financeiras que actúen como axentes.

Artigo 6. Contabilización e fiscalización das operacións e gastos.

Os gastos relativos ás operacións de xestión da tesouraría do Estado que se autorizan atenderanse con cargo á sección 06 «Débeda pública», do orzamento do Estado en vigor, de acordo co disposto no artigo 96 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

CAPÍTULO II

Operacións activas de xestión da tesouraría*Sección 1.^a Tipos de operacións**Artigo 7. Definición.*

1. As operacións activas de xestión da tesouraría son operacións a curto prazo de adquisición temporal de activos, préstamo, depósito a prazo e colocación de fondos en contas tesoureiras realizadas co fin de rendibilizar e facilitar a xestión da tesouraría do Estado.

2. As operacións activas de xestión da tesouraría poderanse facer en euros ou en divisas.

3. As garantías financeiras que, se é o caso, se acorden na realización das operacións activas de tesouraría quedarán suxeitas ao réxime previsto no título I, capítulo II, do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, sen prexuízo de que se poidan realizar operacións sometidas a normativa estranxeira.

Artigo 8. Operacións de adquisición temporal de activos.

1. Poderanse realizar operacións de adquisición temporal de activos baixo a modalidade de operacións de compravenda dobres, tamén denominadas simultáneas, ou de operacións con pacto de recompra.

2. Cando se actúe en colaboración co Banco de España, as operacións de compravenda dobres ou con pacto de recompra poderanse realizar sobre os valores que o Banco de España admita nas súas operacións de política monetaria, e aplicaráselles a mesma valoración que a practicada por aquel nas súas operacións a un prazo equivalente.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 20, a resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional polo que se convoquen as operacións de compravenda dobres ou con pacto de recompra deberán conter, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Os valores que poderán ser obxecto das operacións.
- b) O prazo ao cal se realizarán as operacións.

4. As operacións de adquisición temporal de activos formalizaranse coas entidades financeiras que resultasen adxudicatarias, por escrito ou de forma xuridicamente equivalente, a través dalgún dos procedementos previstos no artigo 11.

5. As entidades de contrapartida central, ou outras entidades habilitadas para tales fins, poderán prestar á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional os servizos de xestión das garantías que se acorden ao concertar as operacións previstas neste artigo.

Artigo 9. Operacións activas de préstamo.

1. Poderanse instrumentar operacións activas de préstamo, que poderán ser con ou sen garantía de peñor de valores.

2. As operacións activas de préstamo poderanse realizar sobre os valores que o Banco de España admita nas súas operacións de política monetaria, e aplicaráselles a mesma valoración que a practicada polo Banco de España nas súas operacións de intervención a un prazo equivalente.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 20, a resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional pola que se convoquen as operacións activas de préstamo deberán conter, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Os valores que poderán ser obxecto das operacións.
- b) O prazo ao cal se realizarán as operacións.

4. As operacións activas de préstamo formalizaranse coas entidades financeiras que resultasen adxudicatarias, por escrito ou de forma xuridicamente equivalente, a través dalgún dos procedementos previstos no artigo 11.

5. As entidades de contrapartida central, ou outras entidades habilitadas para tales fins, poderán prestar á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional os servizos de xestión das garantías que se acorden ao concertar as operacións previstas neste artigo.

Artigo 10. Operacións activas de depósito a prazo e de colocación de saldos en contas tesoureiras remuneradas.

1. Poderanse realizar operacións activas de depósito a prazo e de colocación de saldos en contas tesoureiras remuneradas en entidades distintas do Banco de España.

2. Os depósitos a prazo realizaranse por un importe fixo e poderán ser, entre outras modalidades, a prazo fixo ou dispoñibles con aviso previo.

3. As operacións de colocación de saldos en contas tesoureiras remuneradas consistirán na colocación diaria de saldos nunha conta corrente aberta para o efecto na correspondente entidade adxudicataria.

4. As operacións activas de depósito a prazo e de colocación de saldos formalizaranse coas entidades financeiras que resultasen adxudicatarias, por escrito ou de forma xuridicamente equivalente, a través dalgún dos procedementos previstos no artigo 11.

Sección 2.^a Procedementos para a concertación de operacións activas de xestión da tesouraría

Artigo 11. Tipos de procedementos para a concertación de operacións activas de xestión da tesouraría.

1. As operacións activas de xestión da tesouraría do Estado realizaranse de acordo cos seguintes procedementos:

- a) Procedemento de poxa.
- b) Procedemento negociado.

2. O procedemento de poxa será convocado pola Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional por medio de resolución que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

3. O procedemento negociado será utilizado cando resulte necesario para colocar a moi curto prazo un excedente de tesouraría e por iso non sexa posible convocar unha poxa, ou cando a poxa quede deserta ou parcialmente cuberta. As súas características desenvolveranse mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», na cal se determinarán, en particular, os requisitos que deberán cumprir as entidades co fin de poderen participar nos procedementos negociados, seren consultadas e resultaren adxudicatarias das operacións.

O procedemento negociado será convocado pola Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional mediante unha resolución. A concertación das operacións activas de xestión da tesouraría realizaranse tras efectuar consultas, directamente a través do Banco de España, cun mínimo de tres entidades.

CAPÍTULO III

Operacións pasivas de xestión da tesouraría

Sección 1.^a Tipos de operacións

Artigo 12. *Definición.*

1. As operacións pasivas de xestión da tesouraría son operacións a un prazo non superior a tres meses en forma de crédito, préstamo, depósito, anticipo de ingresos tributarios ou dalgunha das modalidades recollidas no artigo 99.2.c) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, realizadas co fin de facilitar a xestión da tesouraría do Estado.

2. As operacións pasivas de xestión da tesouraría poderanse facer en euros ou en divisas e poderanse garantir con valores de débeda do Estado ou demais valores de renda fixa que o Tesouro público teña na súa conta de valores.

Artigo 13. *Operacións pasivas de crédito.*

1. Poderanse concertar as operacións de crédito que se consideren necesarias para asegurar o financiamento a curto prazo das necesidades transitorias de tesouraría do Tesouro.

2. Por medio das operacións de crédito, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional adquire o dereito a obter un crédito de importe máximo definido nunha data e por un prazo determinado. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá facer uso deste dereito polo importe total ou só por unha parte.

3. As operacións de crédito formalizaranse coas entidades financeiras que resultasen adjudicatarias, por escrito ou de forma xuridicamente equivalente, a través dalgún dos procedementos previstos nos artigos 18 e 19.

Artigo 14. *Operacións pasivas de préstamo.*

1. Poderanse concertar as operacións pasivas de préstamo que se consideren necesarias para asegurar o financiamento a curto prazo das necesidades transitorias de tesouraría do Tesouro público.

2. Por medio das operacións pasivas de préstamo, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional acorda a recepción en préstamo duns fondos determinados nunha data fixa e por un prazo determinado.

3. As operacións pasivas de préstamo formalizaranse coas entidades financeiras que resultasen adjudicatarias, por escrito ou de forma xuridicamente equivalente, a través dalgún dos procedementos previstos nos artigos 18 e 19.

Artigo 15. *Operacións pasivas de depósito.*

1. Poderanse concertar as operacións de depósito que se consideren necesarias para asegurar o financiamento a curto prazo das necesidades transitorias de tesouraría do Tesouro público.

2. Por medio das operacións pasivas de depósito, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá tomar depósitos. Estas operacións formalizaranse e liquidaranse nas condicións usuais do dito mercado.

3. As operacións pasivas de depósito formalizaranse coas entidades financeiras que resultasen adjudicatarias, por escrito ou de forma xuridicamente equivalente, a través dalgún dos procedementos previstos nos artigos 18 e 19.

Artigo 16. Operacións de anticipo de ingresos tributarios.

1. Poderanse concertar as operacións de anticipo de ingresos tributarios que se consideren necesarias para asegurar o financiamento a curto prazo das necesidades transitorias de tesouraría do Tesouro público.

2. Por medio das operacións de anticipo de ingresos tributarios, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá acordar coas entidades financeiras adscritas ao sistema de entidades colaboradoras na recadación, establecido no artigo 17 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, o anticipo de todo ou dunha parte dos ingresos recadados pola entidade, correspondentes ao período cuxo prazo de ingreso no Tesouro aínda non estea vencido.

3. Mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional estableceranse as condicións nas cales se poderá concertar a operación de anticipo de ingresos tributarios, os períodos concretos e os prazos do anticipo, así como o réxime aplicable para determinar a remuneración.

A resolución poderá condicionar a participación das entidades financeiras en función do volume na xestión recadatoria.

4. As operacións de anticipo de ingresos tributarios formalizaranse coas entidades financeiras que resultasen adxudicatarias, por escrito ou de forma xuridicamente equivalente, a través dalgún dos procedementos previstos nos artigos 18 e 19.

Artigo 17. Operacións previstas no artigo 99.2.c) da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

1. Poderanse concertar as operacións de venda simple ou con pacto de recompra de valores que o Tesouro público teña na súa conta de valores, que considere necesarias para asegurar o financiamento a curto prazo das necesidades transitorias de tesouraría do Tesouro público. No caso de venda simple, a vida residual dos valores non poderá superar os tres meses.

2. As operacións de venda simple ou con pacto de recompra formalizaranse coas entidades financeiras que resultasen adxudicatarias, por escrito ou de forma xuridicamente equivalente, a través dalgún dos procedementos previstos nos artigos 18 e 19.

Sección 2.^a Procedementos para a concertación de operacións pasivas de xestión da tesouraría

Artigo 18. Tipos de procedementos para a concertación de operacións pasivas de xestión da tesouraría.

1. As operacións pasivas de xestión da tesouraría do Estado concertaranse de acordo cos seguintes procedementos:

- a) Procedemento de poxa.
- b) Procedemento de poxa restrinxida.
- c) Procedemento negociado.
- d) Acordo marco cunha ou varias entidades.

2. O procedemento de poxa será convocado pola Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional por medio de resolución que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

3. O procedemento de poxa restrinxida será utilizado cando se considere conveniente por motivos de eficacia, eficiencia e prudencia financeira ou para evitar movementos especulativos do mercado no momento previo á realización da operación. As súas características desenvolveranse mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado». A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional convocará cada poxa por medio de resolución, que será comunicada individualmente ás entidades financeiras que

se seleccionen. A convocatoria pola que se inicie o procedemento cursarase a un mínimo de tres entidades.

4. O procedemento negociado será utilizado para garantir o cumprimento das obrigas financeiras do Tesouro público en todo momento e en calquera circunstancia, especialmente cando, debido a unha situación sobrevida, non poidan ser utilizados os procedementos de poxa ou poxa restrinxida, ou cando estas poxas queden desertas ou parcialmente cubertas. As súas características desenvolveranse mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado», na cal se determinarán, en particular, os requisitos que deberán cumprir as entidades co fin de poderen participar nos procedementos negociados, seren consultadas e resultaren adxudicatarias das operacións.

O procedemento negociado será convocado pola Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional mediante unha resolución. A concertación da operación pasiva de xestión da tesouraría realizarase tras efectuar consultas, directamente a través do Banco de España, cun mínimo de tres entidades.

Artigo 19. *Concertación de operacións en virtude de acordo marco.*

1. Poderanse subscribir acordos marco cunha ou varias entidades co fin de fixar as condicións básicas a que se deberán axustar as operacións que se pretendan concertar durante un período determinado.

2. A duración dun acordo marco non poderá exceder os catro anos, salvo en casos excepcionais debidamente xustificados, e estará suxeito ás dispoñibilidades orzamentarias.

3. Só se poderán concertar operacións pasivas de xestión da tesouraría baseadas nun acordo marco coas entidades que fosen orixinariamente partes neste.

4. Cando o acordo marco se concluíse con varias entidades, a concertación das operacións pasivas de xestión da tesouraría poderase facer con ou sen nova poxa, nos termos que dispoña o acordo.

CAPÍTULO IV

Disposicións comúns aos procedementos para a concertación de operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría

Artigo 20. *Contido da convocatoria para a concertación de operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría.*

1. A convocatoria das operacións para a concertación de operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría axustarase ás características da operación. A resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional pola que se convoque a operación conterá a información que sexa necesaria para a súa execución. En todo caso, incluírase:

- a) A definición da operación obxecto da convocatoria.
- b) As características xerais da operación.
- c) Os requisitos que deban cumprir as entidades para participar na operación.

2. As características e condicións xerais a que se someterán as convocatorias dun tipo ou varios de operacións, tanto nas operacións activas como pasivas de xestión da tesouraría, serán desenvolvidas por medio dunha resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 21. *Desenvolvemento e resolución do proceso de concertación das operacións activas e pasivas de xestión da tesouraría.*

1. A resolución pola que convoque a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional á realización dunha operación activa ou pasiva de xestión da tesouraría

determinará se as ofertas para participar no proceso de concertación das operacións se poden presentar de forma individual ou colectiva; neste último caso nomearase un axente como representante único do sindicato de entidades participantes.

2. Unha vez concluído o prazo establecido para presentar ofertas, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional procederá a valorar as ofertas conforme o procedemento e os criterios fixados na convocatoria e seleccionará a entidade ou entidades con que se deba realizar a operación.

3. Por medio de resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, seleccionárase a entidade ou entidades adjudicatarias e comunicaránselles os resultados aos interesados segundo o disposto na convocatoria.

Artigo 22. Fin da vía administrativa e recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

A resolución que poña fin aos procedementos regulados neste capítulo esgotará a vía administrativa e contra esta procederá o recurso potestativo de reposición, conforme o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o recurso contencioso-administrativo, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da xurisdición competente para resolver, de ser caso, as discrepancias que puideren xurdir na execución dos contratos ou acordos de que se trate.

Disposición adicional primeira. Outras operacións activas e pasivas de préstamo.

1. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá concertar operacións activas e pasivas de préstamo con entidades do sector público estatal, coas administracións das comunidades autónomas e coas entidades que integran a Administración local, con Estados da Unión Europea e coas entidades que gocen da garantía expresa destes.

2. Nestes casos as operacións activas poderanse concertar sen garantía de peñor de valores.

3. As operacións activas e pasivas de préstamo suxeitaranse á normativa que en cada caso resulte aplicable. Mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderanse establecer os elementos principais da operación.

Disposición adicional segunda. Autorización para tramitar e formalizar a adhesión a mercados secundarios.

1. Autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional para tramitar a adhesión a mercados secundarios de valores sempre que iso resulte necesario para poder utilizar os valores negociados neles nas operacións consideradas nesta orde.

2. Autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional para adherirse ao sistema de liquidación Target2-BdE, como participante directo ou indirecto, sempre que sexa necesario para a execución das operacións pasivas de tesouraría, de acordo co disposto no artigo 108.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta orde.

2. Queda derogado o artigo 19 da Orde ECE/27/2019, do 21 de xaneiro, pola que se dispón a creación de débeda do Estado durante o ano 2019 e xaneiro de 2020 e se autorizan as operacións de xestión de tesouraría do Estado.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde ECE/27/2019, do 21 de xaneiro, pola que se dispón a creación de débeda do Estado durante o ano 2019 e xaneiro de 2020 e se autorizan as operacións de xestión de tesouraría do Estado.*

O título da Orde ECE/27/2019, do 21 de xaneiro, pola que se dispón a creación de débeda do Estado durante o ano 2019 e xaneiro de 2020 e se autorizan as operacións de xestión de tesouraría do Estado, queda redactado nos seguintes termos:

«Orde ECE/27/2019, do 21 de xaneiro, pola que se dispón a creación de débeda do Estado durante o ano 2019 e xaneiro de 2020».

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e sobre facenda xeral e débeda do Estado, respectivamente.».

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de abril de 2019.–A ministra de Economía e Empresa, Nadia Calviño Santamaría.